

Teatro Airiños presenta...

Ceitas sen Filtro

Unha obra de Méndez Ferrín
e Artello Teatro

Baixo a dirección de Esther F. Carrodegua

Deseño gráfico: Raquel Ramos



Sinopse:

Doce do mediodía. Praza do Obradoiro. Vívese o día a día na capital compostelana: os paseantes pasean, os esmolantes esmolan e o estudantes, durmen. A Catedral garda a bo recaudo os restos do Apóstolo, a estatua do Mestre Mateo e o recuperado Códice Calixtino. Mais esta eterna normalidade non vai durar demasiado xa que as pedras da sé compostelana agochan un segredo que cambiará para sempre o curso da historia da nosa Terra.

Unha explosiva historia na que se mestura a a vida dun peregrino polaco coa de xornalistas, políticos corruptos, yonkis, arcebispos interesados, vendedores de nichos, manifestantes varios, palilleiras, pintores (de parede), fotógrafas, entrevistadoras do Instituto de Estudos Galegos Troncoso de Castro, enxeñeiros, taberneiras, bebedores de cunca e o mesmísimo... Ben, tampouco hai que contalo todo.

Airiños: o grupo de teatro máis antigo da Galiza

O Cadro Artístico Airiños naceu alá polo ano 33 en Asados (Rianxo) da man dos curmáns de Castelao e arredor do Centro Galeguista do lugar, levando a escena “A retirada de Napoleón”, de Xavier Prado Lameiro. Mais a Guerra Civil pararía inevitablemente a actividade creativa que se retomaría nada máis comezar a ditadura, nos anos 40, grazas ao espírito o loitador do grupo e a pesar das dificultades que o

réxime impuña a toda actividade cultural, e, no concreto, a un grupo de teatro cuxa máxima principal era representar as súas veladas en lingua galega, algo ao que xamais renunciarían. Desta etapa, cómpre salientar, por exemplo, que Airiños representou por vez primeira, no ano 61, “A fiestra valdeira”, do rianxeiro Rafael Dieste, con este aínda no exilio.

Un pouco de ar fresco bateu no Cadro Artístico coa chegada da democracia, e a compañía, por fin, podería cumprir un grande soño: a representación de “Os vellos non deben de namorarse”, de Castelao. Nestes anos, a fundación en Asados do “Centro Cultural Simón Varela” aportará ao grupo un enclave fundamental, acollendo á compañía dende entón e ata o momento actual.

Tras sobrevivir unha ditadura, resultará sinxelo para Airiños vivir en democracia, e será así como pouco a pouco o grupo de teatro máis antigo da Galiza se converte nun referente no teatro amateur galego e chega a cumprir, no 2008, 75 anos. Unha data ben especial que a Asociación Alexandre Bóveda da Coruña quixo homenaxear entregándolles un premio «pola súa defensa do idioma e a cultura galega durante máis de tres cuartos de século».

Unha longuíssima traxectoria que ven recompilada no volume “Cadro Artístico Airiños: 75 anos”, onde se relatan todas as interesantes e curiosas historias que lle sucederon ao grupo dende as súas orixes, acompañadas dunha inxente cantidade de imaxes e documentos gardados con agarimo durante anos. Un libro tan interesante como fermoso: non por acaso foi galardoado cos premios de edición Anuarial 2009 e “Desing & Desing”, nese mesmo ano.

No 2009 o grupo de teatro Airiños recolle o seu segundo premio, o Sireno de Bronce de Barbantia na sección de iniciativa cultural no Barbanza.

No ano 2010 o Cadro Artístico Airiños comeza unha nova etapa da man de Esther F. Carrodegas, que asume a Dirección Creativa da Compañía. E dende entón, ademais de continuar a traxectoria habitual, o grupo ábrese a novos proxectos cheos de vida teatral, como o teatro-expres, unha iniciativa do Concello de Rianxo para achegar o teatro de pequeno formato aos nenos rianxeiros, levando os bártulos teatrais de parroquia en parroquia. Coa dirección de Esther. F Carrodegas levan subido ao escenario obras como “Ata que a morte nos separe”, “Nin rico nin pobre” e “O cabaré dos 80 anos de Airiños”.

Xa no 2012 o Grupo de Teatro Airiños é premiado co premio “Ángel Velasco Montoya” da Asociación Amigos del Teatro de Valladolid pola súa fértil traxectoria ao longo de 79 anos de difusión do teatro afeccionado en galego.

Asimesmo, en setembro do mesmo ano, veu a luz a un pequeno soño da compañía, a exposición: “75 anos do Cadro Artístico Airiños”, na que se recolectaban pezas, vestuario, textos e recordos do longuíssimo percorrido histórico do Cadro Artístico, e que se abrirá de novo ao público, ampliada, o vindeiro ano, coincidindo co 80 aniversario do grupo.

En novembro Airiños recibe o premio da Cultura Galega das Artes Escénicas polo traballo desenvolvido desde a súa creación, no ano 1933, que o converte na máis lonxevo de Galicia. Súmanse a este premio no 2013 o recoñecidísimo Pedrón de Ouro e o premio Aurosán do Ano na categoría de cultura.